



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA
CORPORACIÓN EN DATA 28 DE SETEMBRO DE 2016.**

ASISTENTES:

ALCALDESA-PRESIDENTA:

D^a. María Loureiro García.

CONCELLEIROS:

D. Jesús Antonio Fernández Cal, D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Jesús Fernández Fernández, D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega, D. Emilio Villarme Méndez, D^a. María Soledad Rey Yáñez, D. Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro, D. Bernardo José Fraga Galdo, D. Manuel Galdo Dopico, D^a. Saray Blanco Canoura, D. Antonio José Bouza Rodil, D. Jaime Eduardo de Olano Vela, D. Celestino Valentín García Paz, D^a. M^a Jesús Vale López, D^a. Belinda Bermúdez Otero e D. Marcos Besada Álvarez

INTERVENTORA

D^a. Rosa Abelleira Fernández

SECRETARIA XERAL

D^a. M^a Luz Balsa Rábade

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e oito de setembro de dous mil dezaseis, reúnense, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, asistida de mín, que como Secretaria Xeral, certifico do acto do Concello.

Comprobado pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

**1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DO PLENO DE DATAS: 01/06/2016, 16/06/2016, 13/07/2016
E 31/08/2016.**

Non existindo obxección algunha apróbanse por unanimidade as actas das sesións de datas: 01/06/2016, 16/06/2016, 13/07/2016 e 31/08/2016.

2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

A Sra. Alcaldesa dá conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía, mediante un listado resumo das memas, as cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.



Non se producen intervencións o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, acorda darse por informado das Resolucións dictadas pola Alcaldía.

3.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO CONVENUIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE VIVEIRO PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO DE CELEIRO E MELLORA DA EDAR DE VIVEIRO, CONCELLO DE VIVEIRO (LUGO).

A Sra. Alcaldesa dá conta da referida Resolución dictada pola Alcaldía, a cal estivo á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.

Non se producen intervencións o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, acorda darse por informado da referida Resolución dictada pola Alcaldía.

4.- DACIÓN DE CONTA DO ARTIGO 218 DO RDL 2/2004, DE 5 DE MARZO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS.

Dase conta pola Intervención Municipal dos informes emitidos no referente ó disposto no artigo 218 do RDLex 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Este asunto foi tratado na Comisión Informativa de Economía e Facenda de data 23 de setembro de 2016.

Non se producen intervencións o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, acorda darse por informado da dación de conta referida pola Intervención Municipal.

5.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2016, RELATIVO AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DA LEI 15/2010.

Dase conta pola Intervención Municipal do informe emitido pola Intervención e a Tesourería municipais referente ao segundo trimestre de 2016 respecto ao cumprimento de prazos da Lei 15/2010.

Este asunto foi tratado na Comisión Informativa de Economía e Facenda de data 23 de setembro de 2016.

Non se producen intervencións o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, acorda darse por informado da dación de conta referida pola Intervención e a Tesourería Municipais.



6.- DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN ECONÓMICA A 30 DE XUÑO DE 2016 E EVALUACIÓN DO CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI 2/2012, DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SOSTENIBILIDADE FINANCEIRA A 30 DE XUÑO DE 2016 E PREVISIÓNS A 31 DE DECEMBRO DE 2016.

Dase conta pola Intervención Municipal do informe emitido no referente á información económica a 30 de xuño de 2016 e avaliación do cumprimento de obxectivos que contempla a lei 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira a 30 de xuño de 2016 e previsións a 31 de decembro de 2016.

Este asunto foi tratado na Comisión Informativa de Economía e Facenda de data 23 de setembro de 2016.

Non se producen intervencións o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, acorda darse por informado da dación de conta referida pola Intervención Municipal.

7.- DICTAME DA CONTA XERAL DO EXERCIZO 2015.

Intervén a Secretaria Municipal para sinalar que aínda que o punto da orde do día se denomina “dictame”, se trata da “aprobación” da Conta Xeral, tal e como se regula no artigo 212 do RDLex 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Intervén o Concelleiro de Facenda D. Jesús Fernández Fernández para presentar a Conta Xeral do Concello do 2015, xa que é unha obriga rendir as contas e tamén é un acto esencial para a fiscalización polos órganos externos. Añade que a conta se presenta en prazo.

Manifesta que na Comisión Especial de Contas, celebrada o 30 de xuño de 2016, dictaminouse favorablemente sen alegacións e o 23 de setembro de 2016 volveuse dictaminar.

Continúa a súa intervención dicindo que a conta cumpre con toda a documentación esixida pola lei. Que a conta de resultados pechouse cuns 800.000 € en positivo. Di que en gastos propostos mellorouse un pouco respecto ao ano anterior e que o RLTGG tamén foi positivo en aproximadamente 400000 € .Añade que o informe de intervención desglosouse satisfactoriamente na estabilidade orzamentaria, no límite da débeda pública. Di que a regra de gasto non se cumpre, cunha diferenza por riba de algo máis de 800.000€. Manifesta que esta situación foi derivada da provisión de dsentenza firme da situación de Viaqua.

Continúa dicindo que no informe de intervención decíase que había que facer un plan económico financeiro para iso, de xeito que quedara solventado, que se prevía en maio que sería así. Manifesta que o período medio de pago tamén se baixou.

En canto ás Sociedades Municipais que forman parte de da conta sinala o seguinte:

En referencia a TURVIVEIRO S.L., di que foi unha empresa da que foi aprobada por unanimidade a súa disolución, liquidación e extinción na xunta xeral da sociedade o 27 de novembro de 2015 en base a aplicación da Ley 27/2013, con efectos do día 1 de decembro, (ACTA) . En 2015 tivo un resultado de explotación negativo de 73.144,09 €. Manifesta que aínda que foron presentadas as contas anuais no rexistro mercantil de Lugo na data do 29 de xullo, este ente envía notificación de calificación en data 19 de agosto, con defecto de carácter subsanable, en donde se require que non



se acompaña certificación da xunta xeral tal e como estipula o artigo 366.1.2ª do regulamento do rexistro. Conitunua dicindo que nestes intres atópase en fase de liquidación e que no mes de xaneiro escomenzaron os liquidadores nomeados da Excma. Deputación de Lugo co expediente de dita liquidación. Di que por parte da empresa facilitouse toda a documentación solicitada e no mes de maio produceuse a situación de baixa laboral dunha das persoas designadas, e dado que para elevar a público os nomeamentos tíñase que facer mancomunadamente, e dita persoa seguida na mesma situación, solicitouse de novo ó ente provincial un novo nomeamento, que foi realizado o 29 de xullo. Di que se está a espera de indicacións por parte dos mesmos e que unha vez estea realizada dita liquidación será a fase de extinción definitiva.

En relación á sociedade APARCAMENTOS A MARÍÑA S.L., comenta que presenta un resultado de explotación positivo de 373,20 €. Que as contas anuais, tal e como xa se comentou na comisión de contas foron presentadas no rexistro mercantil tamén na data do 29 de xullo. Di que este ente envía notificación de calificación en data 19 de agosto, con defecto de carácter susanable, en donde se require que non consta asinada polo secretario do consello de administración co VºBº do presidente, nos termos establecidos no artigo 109 do regulamento do rexistro e que ditas contas non se presentaron á xunta xeral da sociedade, nin foron asinadas polo consello de administración xa que tal e como se informou na comisión de contas do pasado 23 de setembro, e tal e como constará na acta de dita sesión, cando recibiron o balance de situación do exercicio 2015, por parte da xestoría que leva a contabilidade desta empresa municipal, e o avance das contas do 2015, polo presidente da sociedade, o que esta a intervir, observase que nalgunha partida hai unha diferenza sustancial con respecto ó exercicio anterior do ano 2014. Di que tamén se observa que no capítulo de activo, apartado B punto VI “ efectivo y otros líquidos equivalentes”, chama a atención o incremento de dita partida e que por elo, se puxeron en contacto para consultar os datos á dita xestoría, e lles indican que ese saldo vense arrastrándose e incrementándose dende exercicios anteriores.

Comenta que este feito púxose inmediatamente en coñecemento da Sra. Alcaldesa, da Sra. Secretaria do Concello e tamén da Sra. Interventora por acumulación e que a partir de ese momento, se empezou a actuar revisándose os ingresos e gastos. Di que tamén se realizaron reunións cos empregados, representante sindical, membros da xestoría, para poñerlles de manifesto esta situación, e así mesmo estes feitos foron postos en coñecemento do Consello de Administración, no mes de xullo. Continua comentando que se levaron a cabo diversas actuacións con tódolos axentes relacionados coa actividade da empresa, co obxectivo de averiguar as incidencias observadas nas contas, sen ter claro a día de hoxe coas averiguacións feitas o motivo concreto das referidas incidencias.

Remata a súa intervención dicindo que tal e como reflicte o informe de intervención de data 21 de setembro e ante os indicios de incidencias ou irregularidades que aparentemente reflexan os estados contables, segundo manifestou quen está a intervir, di que se deben adoptar medidas que se consideren necesarias para esclarecer estes feitos, e dar traslado ao tribunal de contas, e instruir un expediente de investigación polo Concello de Viveiro.

En relación á sociedade Eogal Viveiro S.L.. comenta que esta sociedade participada nun 51 % polo noso Concello, e o outro 49 % por EOLICA GALEGA DE INVERSIÓN S.L., presentou no exercicio 2015 un resultado de explotación negativo de -97,95 €. As contas anuais, foron presentadas o 29 de xullo. Comenta que no pleno da corporación municipal celebrado o día 4 de novembro de 2015, aprobouse o inicio de expediente de disolución de dita sociedade, en base a inactividade dende a súa constitución e os resultados negativos.



Di que en data 2 de agosto celebrouse unha xunta xeral, na que se deu conta do acordo plenario citado para a disolución, liquidación e extinción de dita sociedade. Tamén comenta que nesa reunión incorporouse escrito da directora xeral da secretaría de estado das administracións públicas, secretaría xeral de coordinación autonómica e local, donde require para a disolución en base á lei 27/2013 de racionalización e sostenibilidade da administración local. Di que en dita xunta, por parte de EOLICA GALEGA DE INVERSIÓN S.L. se presenta un informe dos gastos xerais xerados pola empresa Eogal Viveiro S.L. que indican que deberán ser compensados de forma algunha.

Conclúe facendo referencia a que non están na contabilidade da empresa Eogal Viveiro S.L. que o importe é de 272.447,77 € e que existen dous reparos. Un polo recoñecemento extraxudicial por importe de 489.897,59 €, que xa fora tratado e aprobado no pleno de 7 de maio de 2015, que foron para pagos da facturas de exercicios anteriores, e a única forma de pagalas era a través dese xeito e outro pola nómina do mes de novembro de 2015 polo contrato do traballador D. Miguel Soto Moreno, con contrato ata o 30 de outubro de 2015, que logo foi prorrogado ata o 30 de xuño de 2016, data de remate do curso. Manifesta que este empregado exercía de conserxe asignado ao colexio infantil San Roque ata que súa praza foi cuberta no presente mes de setembro despois de realizarse un proceso selectivo.

Remata a súa intervención dicindo que é importante a aprobación da Conta Xeral para aspectos importantes como a solicitude de subvencións ante a Xunta de Galicia.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil, para dicir que unha vez máis vese como o PSOE incompre nalgúns casos e noutros por apurar os prazos. Di que a reunión da Comisión Informativa si foi retrasada, aínda que o pleno si se realiza en prazo. Continua dicindo que o endebedamento por habitante é de 1040 €, máis que no ano anterior e que o periodo medio de pago ascende a 54 días. Añade que os fondos para inversión son ridículos e residuais e que se empregan as contas das empresas das que é mellor non falar. Continua dicindo que se ve claramente a falta de control e que si o Concelleiro de Facenda descubriu certos indicios ou irregularidades terase que instruír un expediente para esclarecer o sucedido.

Manifesta que Turviveiro quedou liquidada posto que non fixeron nada para salvar a empresa. Di que hai pendentes de aboar indemnizacións polo ERE de Turviveiro e que en Eogal pasou o mesmo.

Di que, empresa que toca o grupo de goberno empresa que acaba disolta e que en 2015 apróbanse facturas por 480.000 € de 2014, 2013 e 2012 por recoñecemento extraordinario, de caixón, que non tiñan crédito.

Manifesta que o recoñecemento extraordinario de crédito debe realizarse de xeito excepcional e que se abusou no 2015 del para pagar facturas que só o grupo de goberno sabía delas. Continua a súa intervención dicindo que a base 35 do Orzamento di que o informe de fiscalización debe unirse á Conta Xeral, e que isto xa non se fixo nos exercicios anteriores.

Remata dicindo que o concello tamén incumpre a regra de gasto e que por todo isto non poden aporlas, porque son un freo para o desenvolvemento do concello e que o que lles gustaría é falar de contas reais.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, concelleiro non adscrito, para manifestar que aparte dos datos do concelleiro de Facenda vai a poñer o foco nas empresas municipais. Di que en Aparcamentos A Mariña se detectou unha falta de diñeiro efectivo ou un desequilibrio. Por este motivo insta a que a investigación sexa inmediata xa que o paso do tempo pode provocar que desapareza. Refírese ás contas dos exercicios anteriores preguntándose ¿quen contaba o diñeiro?, ¿se eso non cadraba as contas



que se aprobaron en anos anteriores eran reais? Di que ve moi difícil aprobar unhas contas que non se sabe se son reais.

En referencia a Turviveiro añade que hai unha débeda total de 818000 € que ten que asumir o Concello e que respecto a Eogal hai que ver se esa débeda é real ou non.

Continua a súa intervención dicindo que hai unha parte do informe de intervención que di que o programa informático que soporta o concello non é suficiente para levar a cabo uns proxectos de gastos con financiación afectada. Di que se non son suficientes os medios materiais nin persoais é necesario facer unha dotación axeitada.

Remata dicindo que optarán pola abstención.

Intervén D. Marcos Besada Álvarez, concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, para dicir que non ten nada máis que engadir porque realmente non é posible aprobar unhas contas que teñen esas cuestións. Di que non puideron participar nese control en anos anteriores e manifesta a súa sorpresa por chegar a estes feitos. Di que agarda que non pase o mesmo con cuestións como son as concesións que ten CESPAs, que remata en breve, e que non se espere ao último momento para facelo.

Intervén o concelleiro de Facenda, Jesús Fernández Fernández, para dicir que neste pleno lévase anos aprobando as contas tal e como se presentaban. Di que veñen formuladas e non se sabe se están ben ou non. Comenta que el non é un especialista e neste caso como membro da sociedade dende setembro do ano pasado, ao observar a citada cantidade viu o que había no banco e que non coincidía co que figuraba nas contas. Di que non se estivo coas mans nos petos, que explicou todos os pasos que se deron xa que as contas forman parte da Conta Xeral, que non se fixo unha xunta xeral polo motivo exposto. Añade que o tema dos equipos informáticos se está abordando neste último ano cunha aposta importante polo tema informático, implantando o sistema GESTIONA, coa conseguinte inversión.

Refírese á intervención do concelleiro do P.P. Bouza dicindo que faltaban informes na Conta Xeral, para responder que por parte de ningún cargo político se deixa de facer informes, que son competencia de cada departamento e que le non sabe se a conta ten que levar máis informes ou menos e que se ten un informe de intervención dicindo que compre da por feito que é así.

Di que a regra de gasto non é o 1,5 senón o 1,3. Manifesta que sempre están co recoñecemento extraxudicial e reparos, que eso sempre se di, e que este ano baixouse a 48.000 €. Continua dicindo que hai que ver moitas veces a situación e que cando se chega a un goberno e hai facturas pendentes de pago, é necesario pagalas xa que esas empresas desenvolveron un traballo. Manifesta o seu desexo de ir pouco a pouco mellorando e que nun ano non se pode facer todo o que non se fixo con anterioridade. Di que se trata de mellorar no posible as cuestións económicas, de contratación.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil, para dicir que non pretende que o Concelleiro de Facenda faga o que non é da súa competencia, que se os informes son de intervención ten que dicilo e insta ao concelleiro a comunicalo a intervención porque xa falta dende fai varios anos. Manifesta que xa saben que o concelleiro é camaleónico, pero que eles teñen un modo de actuar sempre igual. Defende o seu dereito a dicir o que entende que non está ben. Continua dicindo que cando o recoñecemento extraxudicial sexa cero poderán falar, e que facturas de caixón pode habelas, igual que quizais antes tamén as houbo e que cada un terá que responder das súas responsabilidades.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, concelleiro non adscrito, para manifestar que cando se refire ao tempo que pasou sen convocarse ao Consello de Administración, sen informar dos pasos que se



estaban dando, dende xullo. Motivo polo que solicita inmediatez e que se comunique o que hai. Di que se se lle paga a una xestora para que leve as contas, terá que facer algún tipo de control e terá tamén as súas responsabilidades.

Intervén D. Marcos Besada Álvarez, concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, que manifesta o seu desexo que se teña en conta cara ás futuras concesións que están a piques de vencer.

Intervén o Concelleiro de Facenda para dicir que se lle pediu á Banca información por se houbera algunha incidencia nas remesas que leva o encargado do parking a esa entidade bancaria e solicitouse á xestora outro informe, xa que esto non ocorreu só no ano 2015 porque as cuantías foron aumentando. Di que podía ser que tiveran que convocar o consello todas as semanas e que sabe calificar á xente, así como que hai que ir de fronte.

Non existindo máis debate procédese a realizar a votación , acordándose con 8 votos a favor, correspondentes ao grupo do P.SO.E, 4 abstencións correspondentes aos concelleiros non adscritos e ao concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto e 5 votos en contra correspondentes ao grupo do PP a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a proposta da Concellería de Economía e Facenda, en orde á aprobación da conta xeral do exercizo 2015 coas incidencias manifestadas no informe de intervención de data 21 de setembro e a apertura de expediente de investigación para aclarar os feitos e dirimir as posibles responsabilidades existentes en calquera orde e o seu traslado o tribunal de contas.

8.- MOCIÓN DO P.P. PARA A CREACIÓN DUN VIVEIRO DE EMPRESAS.

Vista a moción presentada polo Grupo Municipal do P.P., en data 02-09-2016, para a creación dun Viveiro de Empresas que propón ao pleno a aprobación dos seguintes acordos:

1. A creación dun viveiro de empresas no inmovible situado na Avenida Ramón Canosa e que no seu día albergara o centro de desenvolvemento comarcal da Mariña Occidental.
2. Facultar á Sra Alcaldesa para que realice todos os trámites necesarios para a súa posta en funcionamento.
3. A creación dunha comisión integrada por representantes de todos os partidos políticos presentes na Corporación, para a elaboración dunha ordenanza que regule o funcionamento deste viveiro de empresas.

Por parte da Sra. Alcaldesa procédese á apertura do debate, que transcorre do seguinte xeito:

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil, que procede á lectura da moción.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, concelleiro non adscrito, para dicir que está dacordo coa creación dun viveiro de empresas, xa que manifesta que foron os primeiros en levalo no programa electoral. Di que existe un viveiro de empresas en Lugo, que está dacordo pero non coa ubicación, que se faga unha comisión para elaborar a Ordenanza que regule ese uso.

Propón a eliminación dos puntos 1 e 2 e manifesta que Viveiro adoece dun espazo cultural, a parte do Teatro Pastor Díaz, o Centro Comarcal naceu como sala de exposicións ou museo. Pide que sexa un centro cultural e se traslade ao persoal de cultura do Concello alí, así como un centro de asocia-



cionismo, espazo para realizar as actividades, reunións, salón de actos, locais e incluso un espazo onde se cedan locais a distintos colectivos, co obxectivo de dotar a Viveiro dun espazo cultural onde incluso se programen actividades todo o ano. Di que a planta baixa pode destinarse de uso público-infantil e mostrase favorable ao punto 3 e á eliminación dos puntos 1 e 2.

Intervén D. Marcos Besada Álvarez, concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, para dicir que sobre ese edificio fixeron unha serie de propostas, sendo consecuentes co seu concelleiro antecesor na Corporación, que consistían en habilitalo como parque de ocio infantil en inverno. Di que se debería decidir consensuadamente. Manifesta o seu acordo co viveiro de empresas e que tamén teñen importancia os oficios tradicionais e que a veces os espazos non son correctos para estes oficios e poder desenvolverlos. Comenta que os obradoiros de emprego en Viveiro non teñen moita saída. Invita ao PP a aceptar esta proposta e que teñan en conta que o importante é a xeración de emprego en todas as eidos tamén nos oficios tradicionais.

Di que van absterse para comprobar se aceptan estas modificacións, e que se mostran dispostos a discutir nunha comisión cal é o mellor uso para ese espazo.

Intervén a Sra Alcaldesa para dicir que é certo que o día 5 de abril a Xunta de Galicia entregaba ese inmovible ao Concello, despois de moitos trámites para conseguilo. Continúa dicindo que o estado no que se atopa non permite habitalo inmediatamente, xa que está sen mobiliario, armarios, necesita arranxos para poder usalo. Di que se acordara crear una comisión para valorar o destino dese edificio porque chegaron propostas para o seu uso. Remata dicindo que non votarán a favor, pero que non están en contra do viveiro de empresas, senón que para ese edificio hai que valorar máis opción.

Intervén Marcos Besada, concelleiro de Son Viveiro, para dicir que o emprego é importante, que esta é una cuestión urxente e que o centro conta con condicións que poden servir, por iso cren que é un bo lugar, e que a moción vai como está.

Intervén D. Bernardo Fraga, concelleiro non adscrito, para manifestar que non aceptan a súa proposta para facer una nova Comisión.

Intervén D. Antonio Bouza, concelleiro do Partido Popular de Viveiro, para dicir que non van anular nada, pero que se na comisión se ve a conveniencia de ubicalo noutro lugar se mostran dispostos.

Intervén D. Marcos Besada, concelleiro de Son Viveiro, para destacar a importancia da xeración de emprego.

Intervén a Sra Alcaldesa para dicir que o PP ten que facer memoria cando están en campaña e saber a quen lle prometeron o uso dese edificio.

Intervén D. Antonio Bouza, concelleiro do Partido Popular de Viveiro, para responder que non o prometeu a ninguén.

Non existindo máis debate procédese á votación, acordándose a denegación da moción con 5 votos a favor correspondentes ao grupo do P.P. e 12 votos en contra correspondentes ao grupo do P.S.O.E., aos concelleiros non adscritos e ó concelleiro de Son Viveiro integrante do Grupo Mixto.



9.- MOCIÓN DOS CONCELLEIROS NON ADSCRITOS PARA A CESIÓN DUN LOCAL MUNICIPAL AO SEMINARIO DE ESTUDIOS TERRA DE VIVEIRO.

Vista a moción presentada polos concelleiros non adscritos, en data 01-08-2016, para a cesión dun local municipal ao *Seminario de Estudos Terra de Viveiro* que propón ao pleno a aprobación dos seguintes acordos:

1. Cesión dun local municipal ao “Seminario de Estudos Terras de Viveiro” para o desenvolvemento da súa actividade.

Intervén D. Bernardo Fraga, concelleiro non adscrito, que despois de lectura da moción engade que é necesario que no concello non haxa asociacións de primeira e de segunda.

Intervén a Sra Alcaldesa para dicir que se manifesta a favor, e que hai un acordo plenario tomado con Melchor como alcalde, para ceder un local onde estaba a antiga biblioteca, pero ao xurdir o tema dos xulgados, cedese á Xunta ese espazo. Agradece ao Seminario de Estudos de Viveiro que non se opuxera a ceder esa instalación para os xulgados.

Remata dicindo que votarán a favor e que todos saben a importancia do traballo do Seminario. Manifesta que unha das opcións que se barallaban eran as instalacións do Centro Comarcal, o uso dun ou dous despachos e a sala de actividades. Di que estaba plantexado abordar este tema na Comisión e que unha das opcións sería este edificio, pero que hai que adecentalo.

Intervén D. Antonio Bouza, concelleiro do Partido Popular de Viveiro, para dicir que se mostran a favor e que calquer asociación debería poder contar cun local. Manifesta que o acordo plenario é do 2004 e que entenden a paciencia do seminario e que a Alcaldesa se queixaba de dous anos de espera coa Xunta de Galicia.

Intervén D. Marcos Besada, concelleiro de Son Viveiro, para manifestarse a favor e loar a labor do Seminario, aproveitando a ocasión para preguntar pola Casa dos Maestros.

Intervén a Sra Alcaldesa para dicir que se pode preguntar en calquer momento e que a Casa dos Maestros non está en bo estado e carécese de medios económicos para rehabilitala. Di que ela engadiría como destino unha parte do centro comarcal.

Intervén D. Bernardo Fraga, concelleiro non adscrito, di que se engade á moción que se faga un regulamento de uso dese espazo.

Intervén D. Antonio Bouza, concelleiro do Partido Popular de Viveiro, para dicir que non teñen inconveniente, que unha parte podería ser para este uso e outra parte para o viveiro de empresas.

Non habendo máis debate, procédese á votación, acordándose aprobada por unanimidade, a cesión dun local ao Seminario de Estudos Terra de Viveiro, e en concreto a cesión unha parte do centro comarcal, do seguinte xeito:

Primeiro.- Cesión dun local do centro comarcal ao “Seminario de Estudos Terras de Viveiro” para o desenvolvemento da súa actividade.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao interesado.



10.-TOMA EN CONSIDERACIÓN DA DIMISIÓN PRESENTADA POLA CONCELLEIRA DONA BELINDA BERMÚDEZ OTERO.

Por parte da Sra Alcaldesa dase conta do escrito de renuncia presentado pola concelleira do Grupo Municipal do P.P., D^a. Belinda Bermúdez Otero, presentado neste Concello en data 18 de xullo de 2016, para a súa toma en consideración polo Pleno da Corporación.

Intervén D^a. Belinda Bermúdez Otero para dicir que fue un placer compartir estes cinco meses en la Corporación, , para dicir que foi un pracer compartir estes quince meses na corporación municipal. Manifiesta o seu desexo de que todo transcorra do mellor xeito na vida política e persoal. Ponse a disposición dos vecinos e veciñas de Viveiro.

Intervén a Sra Alcaldesa para desexarlle sorte nesta nova etapa.

Non existindo debate sobre este asunto, por parte do Pleno da Corporación tomase en consideración a renuncia presentada, aos efectos previstos na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral e do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e para a remisión deste acuerdo á Xunta Electoral Central a efectos de expedición da oportuna credencial a favor do seguinte da lista do P.P. nas pasadas eleccións municipais, D^a. María Cristina Goás Fernández.

11.-TOMA EN CONSIDERACIÓN DA DIMISIÓN PRESENTADA POLO CONCELLEIRO DON CARLOS ALBERTO GUEIMUNDE CABALEIRO.

Por parte da Sra Alcaldesa dase conta do escrito de renuncia presentado pola concelleira do Grupo Municipal do P.P., D^a. Belinda Bermúdez Otero, presentado neste Concello en data 16 de setembro de 2016, para a súa toma en consideración polo Pleno da Corporación.

Intervén D.Carlos Gueimunde, concelleiro do P.S.O.E., para dicir que foron cinco anos e catro meses moi bos, e para agradecer aos compañeiros e compañeiras de partido e á oposición este tempo e por traballar por Viveiro. Reitera as grazas.

Intervén a Sra Alcaldesa para agradecer a Carlos o traballo realizado dende o 2011, sempre con boa disposición e bo temperamento e manifestar que vai ser unha perda importante no equipo de goberno

Intervén D. Antonio Bouza, concelleiro do Partido Popular, para agradecer a Belinda e a Carlos o seu traballo e manifestar que por riba das cores políticas están as persoas e desexarlles sorte.

Intervén D. Bernardo Fraga, concelleiro non adscrito, para agradecer a amabos o seu traballo en prol dos vecinos e veciñas e desexarlles sorte na súa vida persoal.

Intervén o concelleiro do Grupo Mixto, D.Marcos Besada, concelleiro de Son Viveiro, para dicir que non tivo oportunidade de compartir tempo con eles pero que lle consta que son dúas grandes persoas e desexarlles o mellor.



Non existindo debate sobre este asunto, por parte do Pleno da Corporación tomase en consideración a renuncia presentada, aos efectos previstos na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral e do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e para a remisión deste acuerdo á Xunta Electoral Central a efectos de expedición da oportuna credencial a favor do seguinte da lista do P.S.O.E nas pasadas eleccións municipais, D^a. María Carmen Franco Díaz.

Intervén a Sra Alcaldesa, para dicir que quere facer un apunte, reiterar que a pesar do empeño do equipo de goberno non é doado sacar adiante as cuestión no tempo que desexarían. Comenta por exemplo que tiveron persoal de obras preparando as instalacións dos colexios.

12.- ROGOS E PREGUNTAS

ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. EN DATA 26-08-2016 (Nº DE REXISTRO 6047):

Celestino García Paz, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Sra. Alcaldesa da Corporación, as seguintes preguntas sobre as que desexa obter no próximo pleno, a correspondente respostas, ben sexa oral ou escrita:

1. Na parroquia de Faro existe un camino real que comunica o burgo de Aldea co burgo de Faro pola zona sur, sendo o camino máis transitado por parte dos vecinos de Añldea, tanto para ir ás súas terras como para ir á Igrexa ou ao cemiterio.

Dito camino é coñecido co nome de Camiño de Montillos, e na actualidade está intransitable, presentando abudante amleza e incluso una parra que impide o paso peatonal ou mecanizado.

Ante isto os vecinos demandaron solucións, así como este grupo municipal con preguntas nun pleno de 2014, co compromiso do goberno local de examinar e se fose necesario arranxar dito camino. Pasaron dous anos e o día de hoxe nada se ten feito, nin tampouco se sabían as intencións do goberno local ao respecto, motivo polo que volven preguntar:

- a) Ten previsto o equipo de goberno a limpeza e recuperación do camino de Montillos en Area- Faro?
- b) En caso afirmativo, para cando esta prevista a realización desta actuación?

Referente ao punto 1 intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que supón que o camiño ao que se refire, por aquilo da Parra, é o Camiño da Costeira. Di que non dubidan de que antes estivera moi transitado, pero dende hai uns anos non pasa ninguén. O Concelleiro de Medio Ambiente estivo cando menos catro veces na zona por problemas entre veciños co citado camiño. Aínda que agora se sabe que é un camiño público, técnicos do concello ao longo dos últimos anos dubidaban sobre a súa titularidade, polo que dende a Concellaría de Medio Ambiente non se puido facer nada.



2. Dende que executou o saneamento integral dos barrios de hermosende, Parraguesa e Pontigo da parroquia de Galdo, os vecinos da zona da Feira, Cabezón e Vilar de Arriba, todos nesta mesma parroquia veñen reclamando o servizo de saneamento incluso con máis de 150 firmas ecollidas e coa promesa do goberno local, según os vecinos, de que se van facer a corto prazo ditas obras tan necesarias, aproveitando así a posta en servizo do pozo de bombeo situado en Pontigo.

Por este motivo preguntamos:

- a) Está previsto por parte do goberno local a dotación do servizo de saneamento nas zonas anteriormente mencionadas da parroquia de Galdo?
- b) En caso afirmativo, para cando prevé o goberno local o comezo das obras?

No tocante ao punto 2 referido a se está previsto servizo de saneamento para os barrios de Hermosende, Parraguesa e Pontigo en Galdo, a Sra. Alcaldesa responde que aproveita a ocasión para dicir que despois dos quebradeiros de cabeza que lle supuxo o pozo de bombeo de Hermosende, a día de hoxe ningún veciño da zona pediu a alta no alcantarillado. Manifesta que os veciños da zona da Feira presentaron as firmas ás que se alude. Di que é intención deste goberno local acometer a obra de saneamento en canto sexa posible a cambio do compromiso dos veciños de darse de alta posteriormente.

3. A principio do presnete ano, a Alcaldesa aacompañada do arquitecto municipal e dous técnicos do equipo redactor do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), reuníronse na Dirección Xeral de Patrimonio co subdirector Xeral deste organismo e onde ambas partes según parece saíron satisfeitas, co compromiso do Concello de enviar diversos informes.

Por este motivo preguntamos:

- a) Enviouse toda a documentación requirida por Patrimonio?
- b) En que situación actual do proceso se encontra o Plan Xeral de Ordenación Municipal?
- c) Cre o goberno Local que se van a cumprir os prazos para a aprobación definitiva do PXOM?

No tocante ao punto 3 a Sra. Alcaldesa di que na reunión celebrada o 12 de xaneiro de 2016 na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, relativa á tramitación do PXOM, establecemos o procedemento a seguir para intentar axilizar na medida posible a súa aprobación. Comenta que se acordou que o Concello de Viveiro enviaría progresivamente os informes e documentos solicitados pola Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural e que, pola súa parte, esa administración estudaría e remitiría a súa resposta nun breve espazo de tempo dende a súa recepción.

Dende aquela xuntanza, o Concello enviou a seguinte documentación:



-Correo electrónico remitido o 5 de abril de 2016, ao que se axuntaban catro arquivos (informe e documentación gráfica), correspondentes ao capítulo 10 da listaxe do informe anexo.

-Escrito remitido polo Rexistro Xeral da Xunta de Galicia o 25 de maio de 2016, ao que se axuntaba un CD que contiña o informe de corrección da normativa urbanística e parte do catálogo correspondente aos conxuntos urbanos do PXOM de Viveiro.

Manifesta que tendo en conta que non se recibiu contestación algunha por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural con respecto á documentación enviada, o 29 de xullo enviou unha carta ao Subdirector Xeral de Protección do Patrimonio Cultural solicitándolle que se informara sobre os trámites realizados ao respecto e que se dera cumprimento ao acordado na xuntanza referida.

Remata dicindo que, finalmente, ante a falta de resposta a todo o anterior, o 8 de setembro solicitou unha reunión coa Directora Xeral de Patrimonio Cultural para falar, novamente, da tramitación do PXOM de Viveiro., e que precisamente onte (27/09/2016), chamárona do gabinete da Directora Xeral para darlle a data da cita solicitada, que será o vindeiro 11 de outubro.

4. No pleno do 2 de setembro de 2015, fai un ano, este grupo municipal fixo un rogo para a posible colocación dun paso de cebra nunhas das entradas de vehículos a supermercados Gadis, fronte a correos, con beirarrúas e rampa de acceso a minusválidos, sendo a resposta da Sra. Alcaldesa que se comunicaría ao xefe da Policía Local para que elaborase un informe ao respecto. Como queira que a día de hoxe e transcurrido un ano dende o noso rogo e visto que non se pintou o paso de cebra e polo que Preguntamos:
 - a) Elaborouse dito informe por parte da Policía local?
 - b) Teñen pensado pintar dito paso de cebra?
 - c) En caso afirmativo, cando pensan facelo?

ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. EN DATA 26-08-2016 (Nº DE REXISTRO 6048):

Celestino García Paz, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Sra. Alcaldesa da Corporación, os seguintes rogos ao obxecto de se subsanen as deficiencias sinaladas coa maior prontitude posible:

1. Rogo: Que se reparen os baches na rúa Fernando Osorio Páramo entre o portal Nº 35D do edificio Juan Pardo e o peche do colexio público na parroquia de Covas.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir en referencia ao 1º rogo que coñecendo a situación da rúa onde se atopa o colexio novo de Covas, a Concellaría de Obras tomou a decisión hai uns meses de aglomerar toda a zona de forma integral aproveitando para eliminar os grandes charcos que a día de hoxe se producen.

Con respecto aos baches citados, hai tempo que se lle comunicou ao encargado de obras esta situación.



2. Rogo: Que se repoña o espello de seguridade vial na curva de Vilar de Arriba, cerca do barrio do Cabezón na parroquia de Galdo no tramo da estrada Viveiro-Galdo, e que xa foi solicitado por este grupo en plenos anteriores.

En referencia ao 2º rogo dicir que ten constancia da falta do espello e de que realizaron novamente a petición de repoñelo. Di que en canto o persoal de obras dispoña de tempo, colocárase.

3. Rogo: que no sinal de prohibido aparcar na zona escolar de Cemedo na marxe dereita dirección Viveiro e que son prazas reservadas para o autobús escolar, se especifique no mesmo sinal: “só en horario escolar”
4. Rogo: Na zona reservada para o autobús no colexio San ROQUE DE Viveiro tal e como consta na sinal, está prohibido aparcar de 9-10 a 15 h. Estimamos que sería máis conveniente que se concretase o horario de prohibición, para poder favorecer o aparcamento de vehículos en comercial e residencial nas horas de mañá que non son necesarias para o uso do autobús escolar.

No tocante aos rogos 3º e 4º a Sra. Alcaldesa responde que na zona escolar do Cemedo existe, segundo informe da Policía Local, demasiado espazo reservado para os buses escolares. No momento no que se retoque o pintado da zona, aproveitaremos para especificar na sinal “só en horario escolar”.

Di que hai varios días, a Concellaría de Obras púxose en contacto coa directora do colexio San Roque e co xerente de Autobuses Viveiro solicitando o horario no que o bus escolar utiliza o aparcamento do San Roque e o aparcamento do María Sarmiento, en Cantarrana. Está encargada a unha empresa de Lugo a sinalización vertical especificando o horario dos buses.

5. Rogo: Que se limpie de maleza e se adecente a marquesiña de parada de autobús na entrada da estrada de San Pedro de Viveiro a Valcarría.

En referencia ao rogo 5º responde que a concellaría de Obras púxose en contacto hai tempo co xerente de Autobuses Viveiro interesándose en saber se esta marquesina se seguía utilizando. Polo que parece esta marquesina está en desuso. En calquera caso, contratamos a unha empresa para repoñer a súa verticalidade, pois a día de hoxe non está en boas condicións.

6. Rogo: Na fonte pública do Cadafalso, situada na Rúa Alonso Pérez, dos tres canos existentes mana auga e con pouco chorro por un deles, pñolo que pedimos se busque solución a pouca auga que mana desta fonte.

Responde a Sra. Alcaldesa en referencia ao rogo 6º que por parte do Departamento de Obras realizáronse numerosísimas revisións e, aparentemente, parece que non hai ningunha avaría. Tendo en conta que nos últimos anos se vén constatando que a merma de caudal se produce sempre coincidindo coa época estival, sendo este ano, ademais, moito máis calurosa do habitual, entendemos que esta é a causa da redución do caudal desta fonte.



7. Rogo. Que se atenda a petición feita por un veciño de Vilar de Arriba en Galdo para un punto de luz pública ao carón da súa vivenda e da estrada a Vieiro, solicitada con nº de rexistro 9532 presentada o 7 de decembro de 2011 e que ata o día de hoxe non obtivo resposta por parte do equipo de goberno- adxuntamos fotocopia da solicitude.

En referencia ao rogo 7º responde a Sra. Alcaldesa que é probable que a solicitude se transpapelase. De todos modos, se no prazo de 5 anos o veciño non tivo contestación, non estaría de máis que se volvese a poñer en contacto co concello. Deuse orde ao electricista para que vaia á dirección do interesado.

8. Rogo: Que se fixen adecuadamente unhas pedras soltas na zona da entrada do convento de ValdeFlores en Xunqueira, dado que no estado no que se encontarn actualmente son perigosas para o acceso de peóns.

Responde a Sra. Alcaldesa en relación ao 8º rogo que como pode comprobar, fixéronse parte das pedras soltas e substituíronse aquelas que estaban rotas. Di que se deixaron algunhas cuestións puntuais esperando a opinión do arquitecto do Plan de Excelencia Turística que se atopaba de vacacións.

9. Rogo: Se cubra a vacante de Electricista Municipal por xubilación do funcionario desde marzo de 2014.

Responde a Sra. Alcaldesa que en breve se cubrirá a praza de electricista.

ROGOS PRESENTADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. EN DATA 09-09-2016 (Nº DE REXISTRO 6307):

Celestino García Paz, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Sra. Alcaldesa da Corporación, os seguintes rogos ao obxecto de se subsanen as deficiencias sinaladas coa maior prontitude posible:

1. Varios vecinos das rúas Atalaya e rúa Grande da parroquia de Celeiro nos manifestaron o seu malestar polas malas condicións do camián da recollida do lixo da empresa concesionaria CESPA que fai o recorrido polas mesmas, xa que como consecuencia do seu mal estado provoca vertidos de líquido da basura que ademáis de desprender moi mal olor ensucian a rúa, o que ten motivado nalgúns ocasións e a petición dos propios vecinos, que os empregados da empresa tiveran que limpar as propias rúas. Según os vecinos esta situación leva varias semanas acontecendo, sin que ata hoxe se lle teña dado solución. Por este motivo ROGAMOS ao equipo de goberno que se lle esixa a empresa concesionaria da recollida d elixo que lle busque urxentemente una solución a esta problemática, o que sen dúbida agradecerán tanto o medio ambiente coma os propios vecinos de Celeiro.

Interven a Sra. Alcaldesa para dicir en referencia ao rogo 1º que cando tiveron coñecemento do tema dirixímonos ao encargado da empresa Cespa para solventar o problema. Di que non tiñan constancia de que se volvera a repetir esta situación e se poñerán en contacto urxentemente coa empresa.



2. Algúns vecinos que pasan habitualmente por debaixo da ponte de FEVE na Ameixoa na estrada a Viveiro, ao lado do cruce da Estacada, nos comentaron que en ocasións se desprenden pequenos trozos de pedra da mencionada ponte, co conseguinte risco tanto para os peóns como para os vehículos ememso podería repercutir na seguridade da ponte. Por este motivo ROGAMOS ao equipo de goberno que lle comunique tal circunstancia á dirección de FEVE a maior brevidade posible, para que adopte as medidas necesarias e así evitar males maiores.

En referencia ao 2º rogo dicir que tal e como vostedes pediron xa se puxeron en contacto coa empresa FEVE. Que eles lles trasladaron que non existe ningún problema de seguridade na estrutura e que estaban buscando unha solución para que non caigan pequenos trozos de formigón á vía pública.

3. Son reiteradas as queixas de numerosos vecinos en asuntos tales como: a presenza de cans de razas perigosas sen bozal, heces de can e o depósito de enseres voluminosos na rúa fóra do día de recollida, é polo que ROGAMOS que o goberno local adopte as medidas necesarias para evitar este tipo de situación que acontecen a cotío e que resultan tan desagradables.

En referencia ao 3º rogo di que como a Ordenanza de Policía e Bo Goberno parece que non regula o procedemento sancionador para determinadas accións incívicas, como poden ser o pegada de carteis en mobiliario público, o abandono de enseres fóra dos días establecidos ou o feito non recoller as heces dos cans, o concello está elaborando un Regulamento que recolla estas e outras cuestións prioritarias. Manifesta que de todos xeitos, aínda existindo unha normativa, non é posible controlar todos os desmanes que se producen; para que determinadas cuestións funcionen, como sabemos, necesítase a implicación de todos os cidadá.

PREGUNTAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. EN DATA 02-09-2016 (Nº DE REXISTRO 6150):

Antonio J. Bouza Rodil, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Sra. Alcaldesa da Corporación, as seguintes preguntas sobre as que desexa obter no próximo pleno, a correspondente respotas, ben sexa oral ou escrita:

O pasado día 24 de agosto o noso concello foi o escenario da saída da quinta etapa da Volta CiCLISTA A España 2016. Isto foi posible gracias á financiación económica do evento tanto da Xunta de Galicia como da Diputación Provincial de Lugo. Todos coincidimos na gran repercusión, tanto económica como de potenciación da nosa imaxe que supón que un evento de carácter internacional como é a Volta esté presnete en Viveiro e na Mariña Lucense.

Por esta razón e a título meramente informativo lle preguntamos á Sra. Alcaldesa:

1. O Concello de Viveiro tivo que aportar alguna cantidade económica para sufragar a saída desta etapa dende a nosa cidade?
2. En caso afirmativo, a canto ascendeu dita cantidade?



Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o concello non tivo que realizar ningunha achega económica, como tal, á organización da Vuelta Ciclista España por ser punto de saída dunha das súas etapas.

Unicamente tivo que asumir o custe do aluguer de 200 vallas, necesarias para a infraestrutura da saída da carreira, cuxo importe ascendeu a 1583,89 euros.

ROGOS PRESENTADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. EN DATA 26-09-2016 (Nº DE REXISTRO 6574):

Celestino García Paz, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Sra. Alcaldesa da Corporación, os seguintes rogos ao obxecto de se subsanen as deficiencias sinaladas coa maior prontitude posible:

1. Algúns veciños da Rúa Pedregal da parroquia de Covas queixanse da falta de alumeadado público, en concreto do farol situado a carón da vivenda número 18 que xa leva meses sen funcionar, o que provoca qu eunha amplia zona quede sen iluminar. Dado que o goberno local xa ten coñecemento detsa situación dende xa fai meses e polo que lle rogamos que solucionen esta situación á maior brevidade.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que como saben, unha palmera situada nunha finca privada tivo paralizada a solución do tema e que agora o electricista ten orde expresa de arranxar a situación.

2. A fonte de Forxáne en Valcarria leva xa varios meses manando moi pouca auga por un dos seus canos. Por esta razón varios vecinos da zona se dirixiron ao noso grupo para trasladarnos os eu malestar, dado que aínda que o puxeron dende fai tempo en coñecemento do equipo de goberno local nada se fixoe adía de hoxe asituación vai a peor, manando una cantidade mínima da auga.

Por este motivo ROGAMOS ao equipo de goberno local que revise dita fonte a maior prontitude posible para dar solución a esta falta de auga ao tempo que aproveite para analizar dita auga e ver si é apta para o consumo das persoas.

En referencia ao 2º rogo dí que no seu momento comunicouselle este problema aos fontaneiros municipais e que ao ter coñecemento de que o problema persistía, puxéronse en contacto de novo cun dos fontaneiros municipais e, segundo parece, houbo unha confusión desta fonte coa de Lamaceda.

ROGOS E PREGUNTAS PRESENTADOS POLOS CONCELLEIROS NON ADSCRITOS EN DATA 01-08-2016 (Nº DE REXISTRO 5532):

Bernardo Fraga Galdo, Manuel Galdo Dopico e Saray Blanco Canoura, concelleiros e concelleira non adscritos da corporación municipal de Viveiro, conforme á normativa vixente, presentan ao pleno municipal de Viveiro os seguintes rogos e preguntas:

ROGOS



1. Por parte deste grupo, nun pleno anterior, solicitouse a colocación de papeleiras no tramos de berirarrúa e paseo entre Viveiro e Celeiro. Se ben é certo, colocouse una papeleira, a cal consideramos insuficiente en dito tramo. Por iso rogamos ao goberno municipal a colocación de máis papeleiras no tramo mencionado.

Responde a Sra. Alcaldesa para dicir que en resposta á petición feita polo seu grupo, hai uns dous meses dende a Concellaría de Obras compráronse 15 papeleras de inox. como as tres que se colocaron. Di que volverá recordar á brigada municipal de obras que coloquen máis papeleiras no paseo de Viveiro a Celeiro cando sexa posible.

2. A Biblioteca municipal é empregada por moitos vecinos e veciñas, principalmente mozos para estudar. Estes requireren a dotación de lámpadas individuais en cada un dos postos así como a colocación de nechufes nas diferentes mesas. Rogamos ao goberno municipal que estude esta posibilidade e atenda o requerimento dos estudantes.

En referencia ao 2º rogo comenta que non ten recibida ningunha queixa dos usuarios da biblioteca municipal acerca de problemas de visión. Para responder ao seu rogo analizaremos a situación e intentaremos, se fose necesario, dar cumprimento ao mesmo

PREGUNTAS

1. Varios usuarios do campo de fútbol de Cemedo nos trasladan a situación do céspede artificial e mellorable nalgunhas zonas. Isto lévanos a preguntar:

Estanse realizando os traballos de mantemento do campo conforme a normativa vixente para evitar o seu deterioro?

Hai intención por parte do goberno de realizar obras nos vestiarios, para dividilos en 4 e así poder ser empregados de forma simultanea por 4 equipos?

Responde a Sra. Alcaldesa á 1º pregunta dicindo que non hai moitos días, recordouselles por escrito aos conserxes a cargo do campo de fútbol do Cemedo as labores de mantemento que teñen que realizar diariamente tanto no campo de xogo, como nos vestuarios. Di que tamén o pasado ano se requiriu á empresa Calfensa un traballo de mantemento e acondicionamento do campo de herba artificial. Manifesta que en breve, a mesma empresa, responsable da instalación da herba artificial, vai pasar por Viveiro para informarnos de todo aquilo que teña que ver coa instalación.

Di que hai tempo que se considerou a posibilidade de dividir os vestiarios do campo do Cemedo pero que debido ao custe da obra e ao non ser unha cuestión prioritaria, o tema quedou pendente.

2. A maquinaria do ximnasio e sala da cardio da piscina municipal atópase envellecida e deteriorada, polo ue urxe a súa renovación.

Ten realizado o goberno municipal algunha xestión para a súa renovación completa ou ten pensado realizala?

En resposta a Sra. Alcaldesa di que si é certo que a maquinaria do ximnasio ten bastantes anos, pero procúrase mantela en boas condicións e que cada vez que algunha máquina se deteriora, búscase a forma de arraxala. Di que como vostedes saben dende que á empresa privada que xestionaba a piscina se lle extinguiu o contrato o concello de Viveiro tivo que facer importantes inversións para



manter o edificio nunhas condicións aceptables e que a día de hoxe síguense substituíndo aqueles útiles deteriorados e que son importantes para o bo funcionamento.

Manifesta que nos últimos tempos, ademais de repoñer unha caldeira grande, tratouse de forma pormenorizada o tema da lexionela e que tamén se colocaron no ximnasio dous espellos de grandes dimensións e un reloxo na zona da piscina, repúxose o suelo de caucho do ximnasio e renovouse o fio musical. Conclúe que a día de hoxe a substitución da maquinaria non está contemplada como algo prioritario.

ROGOS PRESENTADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DE SON VIVEIRO EN DATA 05-09-2016 (Nº DE REXISTRO 6179):

O Grupo Municipal de Son Viveiro, a través do seu Concelleiro D. Marcos Beasda Álvarez, presenta para a súa inclusión no Pleno Ordinario do mes de setembro os seguintes

ROGOS SOBRE O USO DE ESPAZOS PÚBLICOS POR PARTE DE CÁNIDOS

O pasado 17 de febreiro de 2015, o Concelleiro de Seguridade Cidadá do noso municipio alertou á prensa da existencia de numerosas queixas da veciñanza derivadas da presenza constante de animais sen correa nas zonas públicas, que provocaban situación de risco para as e os viandantes, o cal motivaría que, tras una reunión coa Policía Local, se poría en marcha unha campaña de concienciación cidadá para que fosen respectadas as normas recollidas no artigo 15 da Ordenanza de Buen Gobierno deste concello.

Ao mesmo tempo, manifestou a súa intención de que se colocasen placas de prohibición de cans soltos en distintas zonas de xogos infantís, parques públicos e paseos do municipio, e lembrou a obriga de recoller os excrementos dos cans por parte da persoa que os acampaña.

Dado que ata a data, temos constancia de que boa parte das medidas propostas en dita publicación xornalística non foron levadas a cabo e da persistencia das queixas no mesmo sentido por parte das veciñas e vecinos, dirixímonos a vostede para realizar os seguintes ROGOS:

- Efectuar unha axeitada sinalización da prohibición de presenza de cans das zonas de xogos infantís, parques públicos, praias e paseos marítimos e fluviais do concello.
- Iniciar una campaña de concienciación acerca do respecto á normativa municipal que, no artigo 15, regula a recollida de excrementos.
- Crear un equipo de traballo para a redacción e posta en funcionamento dunha nova ordenanza que regule o uso conxunto e a convivencia cívica entre cidadáns e cánidos.
- Habilitar una zona do municipio para uso e recreo dos cans.

Responde a Sra. Alcaldesa que están dacordo na necesidade de regular o uso de espazos públicos por parte de cánidos, por ese motivo o concello elaborou unha Ordenanza Municipal para a Protección e Tenencia de Animais que será tratada en pleno proximamente e na que se tratará de regular, segundo a lexislación vixente, as cuestións que se plantexan.

ROGOS PRESENTADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DE SON VIVEIRO EN DATA 23-09-2016 (Nº DE REXISTRO 6559):



O Grupo Municipal de Son Viveiro, a través do seu Concelleiro D. Marcos Beasda Álvarez, presenta para o seu debate no próximo Pleno a seguinte pregunta relativa ao estado das mocións presentadas, e aprobadas en pleno, pola nosa corporación.

Non foron poucas as propostas presentadas polo momento. a declaración de Viveiro como cidade libre de pesticidas na xestión da xardinería urbana, un plan de circulación para o casco antigo, un regulamento de utilización de camiños forestais en operacións nso bosques, o fomento de política sreaís de axudas a persoas refuxiadas e a proposta que por todos e todas é coñecida como a maior inquedaanza do noso grupo, a leboarción e inclusión dun Regulamento de Participación Cidadá no nos Concello. Un regulamento que lle permita á cidadnía participar de xeito directo na xestión dos asuntos públicos, unha idea que se fai real se hai, como no caso do nos grupo, ilusión e vontade de intervir directamente na mellora do goberno da nosa vila.

Facendo honor á verdade, algunha desta propostas quedou pendente de ser revisada en comisións especiais para ser adaptada ao noso concello. Por todo isto, realizamos as seguintes preguntas:

1. Cando está previsto convocar algunha das comisións de traballo pendentes para a posta en marcha das citadas porpostas?
2. Sobre as mocións aprobadas por unanimidade en condición de revisión en comisión, entre elas o Regulamento de Participación Cidadá, en que estado de desenvolvemento se atopan?

Intervén a Sra. Alcadesa para dicir que entre as propostas ás que fai referencia, hai que distinguir por un lado entre as que son para a elaboración de normas municipais, como o plan de circulación para o casco, o regulamento de uso de camiños forastais e regulamento de participación cidadá, e polo outro as que se refiren a outro tipo de cuestión, como o acordo para non usar pesticidas ou as axudas a persoas refuxidas.

Manifesta que a elaboración do Regulamento de Circulación no Casco Antigo prevese que poida estar lista no presente ano, contando xa co informe da policía local para a súa elaboración e que no referente ao Regulamento de Uso de Camiños Forestais están esperando a que a FEGAMP publique a ordenanza xenérica que está a elaborar, da que hai boas referencias.

Manifesta que polo que atinxe ao Regulamento de Participación Cidadá cómpre explicar e entender que é un contido que debe formar parte dunha norma máis ampla, como é o Regulamento de Organización Municipal. Di que Viveiro non ten Regulamento de Organización Municipal e a nosa intención é que incluír o Regulamento de Participación Cidadá neste outro, que está en proceso de inicio. Manifesta que hai que aclarar, ademais, que o Regulamento de Organización Municipal é a norma de maior importancia para o concello, posto que regula, entre outros aspectos, o seu funcionamento e que todas estes regulamentos son elaborados en distintos departamentos municipais, tendo que compaxinar a súa elaboración co traballo diario municipal.

Continua a súa intervención dicindo que con respecto a outras propostas, como é o caso das políticas de axudas a persoas refuxiadas, sobre as que xa se respondeu en plenos anteriores, ou o non uso de pesticidas, o concello xa está adoptando as medidas acordadas no seu momento e xa se remitiron os acordos oportunos.

Remata a súa intervención dicindo que ten que recordarlle ao Concelleiro de Son Viveiro que os acordos derivados das súas propostas, revisten o carácter de compromisos políticos e non de acordos dispositivos e que independentemente, calquera concelleiro, en calquera momento, pode pedir o acceso aos expedientes municipais e poder ver o estado de tramitación de cada procedemento



ROGOS PRESENTADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DE SON VIVEIRO EN DATA 05-09-2016 (Nº DE REXISTRO 6100):

O Grupo Municipal de Son Viveiro, a través do seu Concelleiro D. Marcos Beasda Álvarez, presenta para a súa inclusión no Pleno Ordinario do mes de setembro os seguintes

ROGOS SOBRE CAMPAMENTOS MUNICIPAIS DE VERÁN

Tivemos coñecemento, a través de diversas veciñas e veciños, de que as solicitudes presentadas nos campamentos de verán organizados por este Concello sobrepasaron amplamente a capacidade de prazas disponibles, o cal provocou que varios nenos e nenas do noso municipio se viran privados do acceso aos mesmos.

Tendo en conta que un dos motivos da creación de tales campamentos debe ser a conciliación da vida familiar no período de vacacións escolares, dirixímonos a vostedes para realizar o seguinte rogo:

-No caso de que nalgún dos vindeiros anos volva acontecer algo similar e co obxectivo que poida gozar deste servizo o maior número de nenas e nenos e reducir o custo económico do mesmo de xeito máis homoxéneo, o uso dos campamentos municipais de verán deberá ser rotativo por quincenas.

-A adxudicación das prazas terá en conta o estado laboral dos pais, nais ou representantes legais dos nenos e nenas que as soliciten.

-Para a ocupación das prazas disponibles, terán prioridade as nenas e os nenos censados neste Concello.

Intervén a Sra. Alcadesa para dicir que entre as propostas ás que fai referencia, hai que este verán o servizo municipal de ludoteca prestouse no pavillón do IES Vilar Ponte, dende o 11 de xullo ata o 31 de agosto, de 8:30 a 14:30, ampliando en 1 hora o horario con respecto ao anterior (cando, á súa vez, xa se ampliara o horario con respecto ás edicións anteriores). Puideron facer uso deste servizo os nenos e nenas con idades comprendidas entre os 4 anos (cumpridos) e os 12 anos (incluídos); ofrécese de xeito gratuíto para os nenos empadronados en Viveiro e tivo un custo de 30 € semanais para os demais.

Di que o prazo de inscrición abriuse o 4 de xullo e pechouse o 7 de xullo, rexistrándose un total de 157 solicitudes. Para poder cumprir a ratio de monitor/alumno organizouse unha reunión coa empresa que se fixo cargo de prestar o servizo e ampliouse o número de monitoras para atender aos 157 nenos. En data 8 de xullo publicouse o listado de nenos admitidos, os 157 que o solicitaran, sen excluír a ningún.

Despois de terse iniciado o servizo seguíronse recibindo solicitudes de inscrición, polo que se tivo en conta as faltas de asistencia non xustificadas e puideron acceder ao servizo de ludoteca todos os nenos que estaban apuntados en reserva, un total de 29.



E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 22.00 do día 28 de setembro de 2016, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE